MARTINA OLIVEIRA, QUE PAROU DOUS PENALTIS NAS SEMIFINAIS, SUBCAMPIOA GALEGA.

Esta mañá a selección sub-12 de Ferrol participou na fase final do Campionato de seleccións comarcais. En semifinais, enfrontáronse á selección de Vigo co resultado final de empate a cero goles. Na tanda de penaltis, Martina Oliveira detivo dous penaltis que deron o pase á final do campionato.

Ares, 12 de abril de 2015.

O campo da Braña, do concello de Rois, acolleu esta mañá a fase final do Campionato de seleccións comarcais de categoría sub-12 (alevíns). A selección de Ferrol, na que participaba Martina Oliveira, xogadora do Numancia alevín, e filla do gran capi Roberto Oliveira, xogou ás 11 da mañá contra a selección de Vigo. O partido non tivo goles no tempo regulamentario polo que houbo que ir ao lanzamento de penaltis. E aí foi onde a nosa Martina resultou decisiva, parando dous penaltis e clasificando á súa selección para a final.

Á 1 do mediodía comezou a final na que debían disputar o título do campionato galego coa selección de A Coruña. E non houbo moito que facer pois as ferrolás non tiveron opcións e caeron por un tanteo final de 4 - 0.

Boa campaña das nenas de 11 anos, que representaron magnificamente á Delegación ferrolá, conseguindo un brillante subcampionato.

Federación Galega de Fútbol
Federación Galega de Fútbol
joma
joma